


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021-22

Alberto José Fuentes García
Departamento de matemáticas
IES Sofía Casanova



DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS.

IES REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI



**PROGRAMACIÓN PRESENTADA NA
XEFATURA DE ESTUDOS DO IES REPÚBLICA
ORIENTAL DO URUGUAI O DÍA 27 DE
SETEMBRE DE 2021.**

**PENDENTE DE APROBAR EN REUNIÓN DO
DEPARTAMENTO DE MATÉMICAS**

Introdución e contextualización	1
Organización do Departamento de Matemáticas.....	1
Programación didáctica da ESO.....	4
Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.....	4
Obxectivos da educación secundaria obrigatoria	4
Concrecións metodolóxicas.	6
Materiais e recursos didácticos	7
Criterios sobre a avaliación e a cualificación.	8
Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	8
Criterios de cualificación.	10
Accións para previr condutas deshonestas na realización de tarefas e probas escritas.....	11
Concreción do grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e instrumentos e procedementos de avaliación dos mesmos	12
Claves dos procedementos e instrumentos empregados na avaliación.	12
Claves do estándar avaliado.	12
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes na ESO	12
Distribución temporal da materia de Matemáticas, pendente do curso anterior.	13
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	13
Concreción dos elementos curriculares da materia Matemáticas de 1º ESO.....	15
Contidos mínimos e temporalización dos mesmos.....	15
Relación de contidos mínimos para a materia de Matemáticas de 1º ESO	15
Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe	18
CONCRECIÓN DE LOS ELEMENTOS CURRICULARES DA MATERIA DE MATEMÁTICAS DE 2º ESO	28
Obxectivos didácticos.....	28
Contidos mínimos esixibles e temporalización dos mesmos.....	28
Relación de contidos mínimos para a materia de Matemáticas de 2º ESO	28
Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe	31
Concreción dos elementos curriculares da materia Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas de 3º ESO	41
Obxectivos didácticos.....	41
Contidos mínimos esixibles e temporalización dos mesmos.....	41
Relación de contidos mínimos para a materia de Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas de 3º ESO.....	41
Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe	44
Concreción dos elementos curriculares da materia Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas de 3º ESO	53
Contidos mínimos e temporalización dos mesmos.....	53
Relación de contidos para a materia de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas de 3º ESO	53
Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe	56
Concreción dos elementos curriculares da materia Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas de 4º ESO	62
Contidos mínimos e temporalización dos mesmos.....	62
Relación de contidos para a materia de Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas ...	62
Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe	64

Concreción dos elementos curriculares da materia Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas de 4º ESO	69
Contidos mínimos e temporalización dos mesmos.....	69
Relación de contidos para a materia de Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas de 4º ESO	69
Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe	71
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DE BACHARELATO	77
Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.....	77
Obxectivos didácticos do bacharelato.....	77
Concrecións metodolóxicas.	78
Materiais e recursos didácticos	80
Criterios sobre a avaliación e a cualificación.	80
Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	80
Criterios de cualificación.	82
Accións para previr condutas deshonestas na realización de tarefas e probas escritas.....	83
Concreción do grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e instrumentos e procedementos de avaliación dos mesmos	84
Claves dos procedementos e instrumentos empregados na avaliación.	84
Claves do estándar avaliado.	84
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes matemáticas I e matemáticas aplicadas ás ccss-I.....	84
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	85
Concreción dos elementos curriculares da materia Matemáticas I	86
Contidos e temporalización dos mesmos	86
Relación de contidos mínimos para a materia de Matemáticas I de 1º Bacharelato	86
Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe	88
Concreción dos elementos curriculares da materia Matemáticas aplicadas ás CCSS-I de 1º bac	95
Contidos e temporalización dos mesmos	95
Relación de contidos para a materia de Matemáticas aplicadas ás CCSS-I	95
Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe	97
Concreción dos elementos curriculares da materia Matemáticas II de 2º BAC.....	104
Contidos e temporalización dos mesmos	104
Relación de contidos para a materia de Matemáticas II	105
Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe	106
Concreción dos elementos curriculares da materia Matemáticas Aplicadas ás ccss- II de 2º BAC	112
Contidos e temporalización dos mesmos	112
Relación de contidos para a materia de Matemáticas aplicadas ás CCSS-II	112
Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe	114
CONCRECIÓNS CURRICULARES DA MATERIA PROPIA DO CENTRO: O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN.....	119
Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe	125
Accións complementarias e extraescolares	127
Educación en valores.	127
Accións de contribución ao plan de convivencia	127
Accións de contribución ao proxecto lector.....	128
Accións de contribución ao plan TIC.....	129

Actividades complementarias e extraescolares.....	129
Procedemento de avaliación da programación.....	129
Medidas a tomar no caso de ensino semipresencia ou virtual	130
Conformidade coa programación	131

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación didáctica do departamento de Matemáticas para o curso 2.020/21, adapta os currículos de Matemáticas vixentes na actualidade na Comunidade Autónoma de Galicia, á realidade do alumnado do IES República Oriental do Uruguai, basease na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, na Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. e na *RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.*

No curso académico 2021-22 manteñense os aspectos mais importantes da normativa que fai referencia as actuacións de prevención, hixiene e protección por mor da pandemia polo COVID-19. Aínda que a situación mellorou respecto do curso é necesario recoller nesta programación como abordar a ensinanza semipresencial e virtual no caso de empeoramento da situación ou confinamento de algún alumno ou grupo de alumnos.

Organización do Departamento de Matemáticas

Profesorado no curso 2021/22

Relación do profesorado do departamento con destino no Instituto este curso 2021/22

D. Ignacio Brasa Sanjurjo
D^a. Ana Carballeira Carballal
D^a. M^a Jose Lorenzo Fernández
D^a. Adela Rosa Rodríguez Rodríguez
D^o Fancisco Luis Santorum Paz
D^a Ana Mariña Vila Iglesias

A profesora Tamara Cambra Otero, do Departamento de Economía, imparte cinco horas no primeiros curso da ESO

Docencia impartida polo profesorado do departamento

ESO: Grupos	1º	2º	3º Ac.	3º Ap.	4º Ac.	4º Ap.	TOT AL
Ignacio Brasa Sanjurjo		2			1	1	4
Ana Carballeira Carballal	2			1	1		4
M ^a Jose Lorenzo Fernández			2				2
Adela Rodríguez Rodríguez	1						1
Fancisco L. Santorum Paz		1					1
Ana Mariña Vila Iglesias					1		1
Tamara Cambra Otero	1	1					2

ESO: Grupos	1º	2º	3º Ac.	3º Ap.	4º Ac.	4º Ap.	TOT AL
TOTAL	4	4	2	1	3	1	15

Bacharelato: Grupos	1ºBACH		2ºBACH			STEM	TOTAL
	M-I	MA-I	M-II	MA-II	P. I.		
Ignacio Brasa Sanjurjo				3			3
Ana Carballeira Carballal		1					1
Adela Rodríguez Rodríguez			2		1	1	4
Fancisco Luis Santorum Paz	3						3
Ana Mariña Vila Iglesias		2					2
	3	3	2	3	1	1	13

Distribución do alumnado ao que o departamento imparte docencia de matemáticas.

ALUMNADO MATRICULADO NA ESO							
NIVEL	1º ESO	2º ESO	3º ESO AC	3º ESO AP	4º ESO AC	4º ESO AP	TOTAL
Nº alumnos	65	58	46	13	48	9	239
ALUMNADO MATRICULADO NO BACHARELATO							
NIVEL	1ºBAC CC	1º BAC CCSS	2º BAC CC	2º BAC CCSS			TOTAL
Nº alumnos	60	48	38	56			202

ALUMNADO CON MATERIS PENDENTES DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS						
PENDENTES ESO	1º	2º	3º acad	3º aplic	Total alumnos	
2ºESO	7	---	---	---	7	
3º ESO	---	1	---	---	1	
4º ESO	---			1	1	
TOTAL	7	1	0	1	9	
PENDENTES BACHARELATO			MAT I	MMAA I	Total alumnos	
2º BACH			5	9*	14	

*5 alumnos proceden dun cambio de modalidade de CC a CCSS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ESO

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS.

IES REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA ESO.

Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.

Neste apartado describimos brevemente de que xeito as Matemáticas contribúen ao desenvolvemento das competencias clave do currículo establecido pola Conselleira de Educación. Esta contribución, moitas veces, non se realiza de xeito explícito pero esta presente en todo o proceso de ensino aprendizaxe. As actividades integradas programadas na planificación de aula si reflicten esta contribución.

Comunicación lingüística: Na materia de matemáticas adquire especial importancia a expresión oral e escrita dos razoamentos e técnicas utilizados na resolución de problemas e na modelización da realidade.

Competencia Matemática e competencia básica en Ciencia e Tecnoloxía: As matemáticas son a ferramenta básica que utilizan tanto as ciencias como as ciencias sociais nos seus ámbitos de desenvolvemento para interpretar os resultados e obter conclusións, que permiten seguir avanzando no coñecemento específico de cada ciencia.

Conciencia e expresións culturais: O coñecemento matemático é unha expresión máis da cultura, nun amplo sentido do termo. O estudo das prácticas matemáticas e a evolucións das mesmas ao longo da historia contribúen a interpretar e coñecer as causas e consecuencias dos grandes feitos históricos: guerras, movementos económicos e sociais, arquitectura, pintura,....

Competencia dixital: A interacción entre os distintos tipos de linguaxe matemáticas: numérico, estatístico, gráfico permite relacionar o tratamento da información coa realidade do alumnado Mellora as destrezas relacionadas coa búsqueda e interpretación da información

Aprender a aprender: A metodoloxía da materia leva implícitas as estratexias para aprender a aprender; creatividade, investigación, perseverancia, reflexión sobre o aprendido e o que falta por aprender,...

Competencias sociais e cívicas: As matemáticas permiten analizar fenómenos sociais e aporta criterios científicos para interpretalos. Reforzan a capacidade de traballar en equipo e o respecto a opinións alleas, utilizando o razoamento e resolución de problemas para atopar puntos de encontro e fortalece a capacidade de negociación.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: As etapas da resolución de problemas forman parte tamén desta competencia: planificación, xestión de recursos e avaliación do proceso

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades

entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades ntre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Concrecións metodolóxicas.

Principios pedagóxicos:

Para un bo desenrolo do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da dinámica das clases contemplamos os seguintes principios pedagóxicos:

- **Participación.** Intentaremos que o alumno sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe, aprendendo por si mesmo, practicando ou aplicando coñecementos.
- **Motivación.** Aumentaremos a motivación do alumno con contidos e actividades próximos e interesantes. Tamén incrementaremos a motivación facendo explícita a utilidade dos contidos que se imparten
- **Personalización.** O profesor debe atender ás diferenzas individuais, ós diferentes ritmos de aprendizaxe e ós distintos intereses e motivacións dos alumnos
- **Inclusión.** Entendemos a inclusión como unha resposta didáctica que facilite e promova a participación de todo o alumnado, opoñéndose a calquera forma de segregación. Por tanto debemos ter en conta a diversidade e cando sexa necesario diversificar as tarefas, os tempos e os modos.
- **Interacción.** A aprendizaxe do alumno realízase moitas veces mediante a interacción profesor-alumno pero o alumno aprende tamén dos iguais, polo que é necesaria a interacción cos outros alumnos no traballo en grupo. Proporemos dinámicas que favorezan esa interacción.
- **Significatividade.** Para que a aprendizaxe sexa eficaz é preciso tomar como referencia os coñecementos previos que ten cada alumno porque sobre eles se asentarán os novos coñecementos.
- **Avaliación formativa.** Analizaremos o proceso de aprendizaxe para ver onde hai problemas e dificultades e poder orientar ó alumno e retroalimentar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Modelos:

- **Modelo discursivo/expositivo.** O profesor desenvolverá algúns contidos ou conceptos, con ou sen axuda audiovisual, e fará algunhas exposicións prácticas no aula.

- *Aprendizaxe cooperativo. Traballo por tarefas e por proxectos.* Búscase un aprendizaxe cooperativo e para favorecerlo propóranse traballos por tarefas e por proxectos intentando sempre que sexan tarefas ou proxectos que se podan dar na vida cotiá.
- *Utilización das TICs.* Fomentaremos o uso das TICs mediante actividades prácticas realizadas na aula de informática e coa calculadora gráfica na aula, sempre coa exposición previa ó gran grupo do profesor sobre a actividade a realizar e a entrega do guión da mesma.

Materiais e recursos didácticos

- a) Libro do alumno, cadernos do alumno, calculadora. Ordenador.
- b) Biblioteca del profesorado: Día día en el aula, recursos didácticos y atención a la diversidade, Matemáticas 1º de ESO; Competencias para el siglo XXI, Matemática 1º de ESO.
- c) Materiais para o alumno dispoñibles na rede
- d) Dominós de fraccións.
- e) Dominós de ecuacións.
- f) Regra, compás, transportador de ángulos, escuadra e cartabón.
- g) Instrumentos de debuxo en xeral: tramas de puntos cuadrículadas e isométricas, cartolinas e acetatos transparentes cuadrículados, tangram, varas de mecano. Xeoplanos e tramas de puntos triangulares e cadradas.
- h) Planos, mapas e maquetas.
- i) Dados cúbicos e poliédricos, dados defectuosos ou cargados cara a algunha cara, dados de quiniela, moedas, barallas de naipes, bolsas de bólas de dous ou máis cores, ruletas, botellas de mostras...
- j) Programa informático Geogebra.
- k) Instrumentos de medida (cintas métricas, balanzas, recipientes...).
- l) Xogo de corpos xeométricos.
- m) Recortables de desenvolvementos planos.
- n) Xogos de pezas encaixables ou varas para construír poliedros.
- o) Materiais para representar figuras planas e as súas transformadas: tramas isométricas de puntos (cadradas e triangulares), xeoplanos, xogos de polígonos regulares de plástico ou cartolina.
- p) Láminas e fotografías de mosaicos, frisos e cenefas.
- q) Dominós de operacións, potencias e outros.
- r) Xornais e outras publicacións onde aparezan abundantes táboas e gráficas estatísticas.
- s) Recursos dixitais do profesorado.
- t) Xerador de avaliacións.

O alumnado de 1º e 2º de ESO, está inmerso no programa E-dixgal: traballa na aula e na casa cun ordenador prestado pola Consellería de Educación UFP, traballando en línea na aula. Nesta plataforma recollense todos os materiais para o traballo do alumnado tanto os recursos de propia creación do profesorado como aqueles postos a disposición polo editoriais: Netex , AulaPlaneta e Edebé

Criterios sobre a avaliación e a cualificación.

Tendo como referencia o proceso de avaliación continua do alumnado, o profesor valorará en cada curso/grupo a aplicación e a importancia dun ou outro procedemento ou instrumento de avaliación, entre os que se citan a continuación.

- Valoración da proba de avaliación inicial ao alumnado.
- Probas escritas de autoavaliación por unidades temáticas, corrixidas polo propio alumno baixo a supervisión do profesor ou profesora.
- Seguimento da avaliación continua de cada alumno mediante a observación directa: participación activa nas clases sobre contidos matemáticos axeitados ao nivel do alumnado; realización de tarefas, exercicios e solución de problemas na clase de matemáticas; control periódico da posta ao día do caderno de clase.
- Valoración do interese polas matemáticas: participación nas actividades suplementarias; lectura de libros de divulgación matemática; elaboración de carteis informativos sobre feitos relacionados coas matemáticas; ampliación de coñecementos matemáticos axeitados a idade do alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas; para iso, cómpre diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.

O proceso avaliador require da aplicación dunha serie de procedementos e instrumentos de avaliación.

Os procedementos de avaliación responden a cuestión: Como avaliar?. Os instrumentos de avaliación responden a: Con que avaliar?, é dicir, os recursos específicos que se aplican cada estándar de aprendizaxe.

A observación deberá ter en conta:

- Traballo e participación do alumno nas tarefas de clase.
- Interese e dedicación nos traballos de casa.
- Uso responsable dos materiais didácticos (libros, cadernos, equipos informáticos, etc.)

O análise das producións dos alumnos terá en conta:

- Tarefas: actividades para realizar en casa, resolución de exercicios diarios, tarefas semanais,
- Traballos expostos sobre os contidos para a avaliación.
- Exercicios de clase. O caderno do alumno será o instrumento no que figurarán todas as tarefas susceptibles de ser avaliadas, debidamente ordenadas e corrixidas polo alumno.

Probas

- Probas escritas que abarcarán unha parte limitada da materia.
- Probas que abarcarán unha ou varias unidades didácticas. Faranse un mínimo de dúas probas escritas por avaliación.

- A medida que avance o curso, nas probas incluíranse os mínimos da materia avaliada en probas anteriores. A media ponderada das probas realizadas durante o período de avaliación servirá para calcular a cualificación que lle corresponda ao alumno no apartado de probas escritas: exames
- As probas escritas confeccionaranse de modo que permitan aplicar os criterios de avaliación establecidos e comprobar a adquisición das competencias básicas da etapa.
- Na súa estrutura deberán estar representados, ao longo do curso, de forma proporcional os bloques do currículo correspondentes á avaliación.
- Se fose necesario, adaptaríanse á aula virtual e ao Edixgal as probas a realizar polo alumnado.
- En cada avaliación, a nota final das probas obterase proporcionalmente a cada proba en función do seu contido.

Para a valoración do traballo diario en casa e en clase, teranse en conta os seguintes elementos:

- O alumno asiste puntualmente, traballa e está atento en clase de forma habitual.
- O alumno presenta ou entrega na aula virtual as tarefas feitas por el, exponas e corríxeas.
- O alumno intervén en clase.
- Notas de clase cando o profesor pregunta.
- Respecto dos prazos de entrega de traballos e exercicios.
- Disposición do material necesario para o aproveitamento da clase.
- Caderno ordenado, completo e actualizado.
- Utilización, se procede, das tecnoloxías da información e a comunicación.

Procedementos de avaliación

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para á avaliación, tanto presenciais como telemáticas, para o que se poderá empregar a aula virtual do centro e o Edixgal.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cuantitativa do avance colectivo.
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

En caso de que houbera que facer avaliación semipresencial ou non presencial, ademais:

- Entrega de tarefas a través da Aula Virtual, respectando as instrucións de cada tarefa e o prazo de entrega.
- Seguemento e avaliación das actividades feitas online na Aula Virtual do IES.

En caso de que algún alumno ou alumna xustifique non ter acceso á rede, os prazos para entregas flexibilízanse, buscarase outra vía de comunicación/ recepción das tarefas e porase en coñecemento da dirección do IES garantindo que ninguén quede sen atención.

Instrumentos para á avaliación

- Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade.
- Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade didáctica.
- Avaliación por competencias, probas correspondentes á unidade didáctica.
- Proxectos persoais o en agrupamentos.

En caso de que houbera que facer avaliación semipresencial ou non presencial, ademais:

Entrega correcta ou suficiente en forma e prazo da serie de actividades coleccionadas en boletíns entregadas *ad hoc*, utilizando os seguintes criterios:

- As actividades están completas.
- Entrega en prazo e forma correctas
- As actividades están correctamente resoltas
- As actividades están feitas de forma clara e ordenada
- As actividades non foron copiadas

Exame en xuño que, en caso de non poder realizarse de xeito presencial, será levado a cabo de xeito telemático, tendo en conta todas aquelas dificultades que puidesen xurdir.

Participación do alumnado (Aula Virtual, Foros, videoconferencias, mensaxes, etc).

Criterios de cualificación.

Nas ensinanzas da ESO, a hora de avaliar a un alumno o profesorado do departamento terá en conta, ademais das probas obxectivas, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno. Ante a necesaria cuantificación numérica do proceso de avaliación de cada alumno ao final de curso, para ser avaliado positivamente na convocatoria ordinaria, o alumno deberá ser avaliado positivamente, ou ter recuperadas cun 5 ou máis, as tres avaliacións programadas no Instituto. En cada avaliación, as probas escritas suporán un 80% da valoración total do alumno, quedando o 20 % restante para a valoración do traballo na aula (caderno, participación, aula virtual, etc.); esta valoración poderá ser de CERO (0), se o alumno amosa repetidamente falta de traballo. Cada profesor estudará a posibilidade de que un alumno con avaliacións non superadas, poida facer unha proba de recuperación ao final do curso.

Tanto na ESO como en 1º de bacharelato, a valoración farase por avaliacións e as tres avaliacións terán o mesmo peso na valoración final.

No bacharelato, para ser avaliado positivamente na convocatoria ordinaria, o alumno deberá ser avaliado positivamente, ou ter recuperados cun 5 ou máis, todos os bloques nos que está dividida a materia. En cada bloque, as probas escritas suporán un 85% da valoración total do alumno, quedando o 15 % restante para a valoración do traballo na aula (caderno, participación, aula virtual, etc.). Cada profesor estudará a posibilidade de que un alumno con avaliacións non superadas, poida facer unha proba de recuperación ao final do curso.

Valoraranse os coñecementos teórico/prácticos do alumno/a e o adecuado uso da ferramenta matemática, así como o rigor nos razoamentos desenvolvidos e a linguaxe empregada. No desenvolvemento dos exercicios valóranse os seguintes aspectos:

- A identificación do modelo matemático e das propiedades matemáticas e a súa descrición concisa.
- A coherencia ordenada e razoada da exposición da resposta.
- A claridade de exposición.
- A capacidade de análise e de síntese.
- A utilización dunha adecuada terminoloxía e notación matemática.
- A facilidade e precisión na realización do cálculo.

Aínda que en certos casos ESTARÁ PERMITIDO O USO DE CALCULADORA non programable, os exercicios que se proporán poderanse resolver utilizando simplificacións e se o resultado dun problema é 2π ou $2/3$, por exemplo, non se debe aproximar dito resultado.

Accions para previr condutas deshonestas na realización de tarefas e probas escritas.

É importante transmitir ao alumnado a necesidade de non copiar ou plaxiar en calquera das actividades académicas que realice. Polo tanto, o profesorado do departamento informará ao alumnado da importancia ética dun comportamento correcto neste senso, prestando atención a posibles fraudes e insistindo na necesidade de evitalos.

Teranse en conta as seguintes cuestións:

As tarefas que se entreguen na aula virtual deben ser realizadas polo propio alumno ou alumna e entendelas. Ademais debe ser capaz de replicar a técnica e as estratexias empregadas. En caso contrario, anularanse todas as tarefas dese tema.

Nas probas escritas deberase especificar as puntuacións das preguntas. Caso de non ser así, entenderase que todas puntúan o mesmo. Os subapartados, cando estén precisados, puntuarán de xeito proporcional.

Os exercicios parcialmente resoltos ou con resultados incorrectos, poden acadar unha puntuación parcial que dependerá do axeitado da exposición e da solución.

É preciso que queden reflectidas nas follas do exame as operacións necesarias para a resolución de cada exercicio. As respostas concretas xustificaranse, xa que se só se achega a solución numérica, sen ningunha explicación, terá unha puntuación de cero.

Nas probas presenciais, o alumnado accederá a aula co móbil ou reloxo apagado, o pelo recollido e as orellas a vista. Se se incumpre estas normas o profesor da materia poderá pedir ao alumno ou alumna que abandone a proba e esta será calificada con cero.

Se existisen sospeitas de que un alumno utilizou material non autorizado (libros, apuntamentos, comunicacións electrónicas, dispositivos móbiles), nas seguintes 48 horas á realización do exame o profesorado pedirallo ao alumno que acredite os resultados obtidos.

Concreción do grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e instrumentos e procedementos de avaliación dos mesmos

Recollemos nos seguintes parágrafos as claves que se utilizan nas concrecións curriculares da cada materia do departamento en cada curso no que fai referencia ao grao de consecución de cada estándar e a ferramenta de avaliación

Claves dos procedementos e instrumentos empregados na avaliación.

D Observación directa do traballo. Valoración cualitativa do avance individual: anotacións e puntualizacións.

T Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. Valoración cuantitativa do avance individual. Valoración cuantitativa do avance colectivo.

E Avaliación de contidos: probas correspondentes as unidades didácticas. Probas de avaliación.

Claves do estándar avaliado.

Gradación de logros dos estándares de aprendizaxe: SEMPRE, CASE SEMPRE, AS VECES e NUNCA alcanza os estándares a, empregar na avaliación da respectiva competencia.

Descrición:

SAC= Sempre alcanza o estándar avaliado. Entre o 91% e o 100%.

CSA= Case sempre alcanza o estándar avaliado. Entre o 61% e o 90%.

AAC= As veces alcanza o estándar avaliado. Entre o 31% e o 60%.

CNA= Case nunca alcanza o estándar avaliado. Entre o 1% e o 30%

NAC= Nunca alcanza o estándar avaliado. O 0%

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES NA ESO

O Plan de Pendentes para a materia levarase a cabo do seguinte xeito:

- -Entregarase ao alumnado un boletín con exercicios de cada tema para que resolvan durante a semana según datas que se indicarán ao principio de cada trimestre.
- Valorarase a puntualidade na entrega e a corrección dos boletíns de exercicios. O seu valor sobre a nota final será dun 20%.

- Realizarase unha proba escrita de contidos previa a cada unha das dúas primeiras avaliacións e a esa proba corresponderá o 80% da nota trimestral. Ditas probas escritas realizaranse arredor das seguintes datas, anunciándose, con tempo a data exacta:
 - semana do 15 ao 19 de novembro, para a primeira parte;
 - semana do 7 ao 11 de marzo, para a segunda parte;
- Cada profesor habilitara o medio que considere mais axeitado para resolver as dúbidas que xurdan na resolución dos boletíns. O mércores no 1º recreo e o xoves no 2º recreo a Xefa de Departamento atenderá as dúbidas sobre a materia pendente
- Aplicaranse os criterios de cualificación previstos na programación xeral.
- Será avaliado positivamente na materia, o alumnado que aprobe as dúas partes. Pódese compensar por nota media, as cualificacións dunha parte suspensa cun 3 ou máis.
- No caso de non aprobar, o alumno deberase presentar á proba extraordinaria convocada pola Xefatura de Estudos do Instituto, antes do remate do mes de maio, cuxos criterios de carácter xeral suxeitaranse ao contemplado na programación do departamento do curso anterior.

Distribución temporal da materia de Matemáticas, pendente do curso anterior.

MATERIA PENDENTE	Contido 1ª proba	Contido 2ª proba
Matemáticas 1º ESO	Números e álgebra	Estatística, Funcións e Xeometría
Matemáticas 2º ESO	Números e álgebra	Estatística, Funcións e Xeometría
Matemáticas Académicas 3º ESO	Números e álgebra	Estatística, Funcións e Xeometría
Matemáticas Aplicadas 3º ESO	Números e álgebra	Estatística, Funcións e Xeometría

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación como proceso continuo iniciase coos coñecementos previsto do alumnado ao respecto da materia, cunha valoración da súa actitude e analizando se a opción académica escollida polo alumnado correspondese coas súas expectativas e capacidades.

Por estas razóns é importante realizar esta avaliación inicial coa finalidade de coñecer polo miúdo as características do nos alumnado.

Esta avaliación utiliza entre outras as seguintes ferramentas: A memoria do departamento do curso pasado, os informes do departamento de orientación, o Consello Orientador e a información que poida aportar o profesorado do alumno en cursos anteriores. Ademais, segundo as características do laumanod poderase realizar unha proba inicial de coñecementos previo de cursos anteriores ou unha proba de cada bloque para saber en que punto estamos.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES DA MATERIA MATEMÁTICAS DE 1º ESO

Contidos mínimos e temporalización dos mesmos

Coa fin de facilitar a organización da materia en unidades didácticas e establecer a temporalización das mesmas, recollemos nesta apartado as unidades didácticas que se imparten en 1º da ESO e os contidos das mesmas. Esta división non supón tratar a materia en compartimentos estancos, xa que existe interdependencia entre todas as unidades e bloques, a globalidade e interdependencia é salientable nos contidos do bloque 1 “Procesos, métodos e actitudes en matemáticas”.

Os elementos básicos deste bloque son a resolución de problemas e os proxectos de investigación, a aportación das matemáticas as competencias claves pivota sobre a transversalidade do bloque 1.

En apartados posteriores establecemos a relación entre contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

BLOQUE	UNIDADE DIDÁCTICA	Temporalización
2 NÚMEROS E ÁLXEBRA	Unidade 1. Números naturais e operacións	1ªaval
	Unidade 2. Divisibilidade MCD e mcm	
	Unidade 3. Números enteiros e operacións.	
	Unidade 4. Fraccións e operacións.	
	Unidade 5. Números decimais, tipos; aproximacións; paso de fracción a decimal.	2ª aval
	Unidade 6. Álgebra; monomios, ecuacións de 1º grao (non fraccións)	
3 XEOMETRÍA	Unidade 7. Proporcionalidade; porcentaxes, variacións porcentuais; factores de conversión.	2ª aval
	Unidade 8. Rectas e ángulos, sistema sexagesimal	
	Unidade 9. Polígonos; triángulos, teorema de Pitágoras.	3ª aval
	Unidade 10. Cuadriláteros e circunferencia	
	Unidade 11. Perímetros e áreas	
	Unidade 12. Corpos xeométricos.	
4 FUNCIONÉS	Unidade 13. Función; coordenadas, interpretación de gráficas.	
5 ESTADÍSTICA	Unidade 14. Estatística e probabilidade, medidas de posición	

Relación de contidos mínimos para a materia de Matemáticas de 1º ESO

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas

- B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.
- B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.
- B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.
- B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.
- B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en

equipo.

- B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.
- B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:
 - Recollida ordenada e organización de datos.
 - Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.
 - Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.
 - Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.
 - Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.
 - Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.

Bloque 2. Números e álgebra

- B2.1. Números negativos: significado e utilización en contextos reais.
- B2.2. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora.
- B2.3. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.
- B2.4. Números decimais: representación, ordenación e operacións.
- B2.5. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.
- B2.6. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.
- B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.
- B2.8. Xerarquía das operacións.
- B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.
- B2.10. Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade.
- B2.11. Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos.
- B2.12. Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais.
- B2.13. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.
- B2.14. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.
- B2.15. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.
- B2.16. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.
- B2.17. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou variacións porcentuais. Repartición directamente proporcional.
- B2.18. Iniciación á linguaxe alxébrica.
- B2.19. Tradución de expresións da linguaxe cotiá, que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.
- B2.20. Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo: números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.
- B2.21. A linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica.
- B2.22. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita (métodos alxébrico e gráfico). Resolución. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas.

Bloque 3. Xeometría

- B3.1. Elementos básicos da xeometría do plano. Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade.
- B3.2. Ángulos e as súas relacións.
- B3.3. Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz. Propiedades.
- B3.4. Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais.
- B3.5. Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións.
- B3.6. Medida e cálculo de ángulos de figuras planas.
- B3.7. Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples.
- B3.8. Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares.
- B3.9. Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos e clasificación. Áreas e volumes.
- B3.10. Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico.
- B3.11. Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.

Bloque 4. Funcións

- B4.1. Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados.
- B4.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).
- B4.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).
- B4.3. Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.

- B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.

Bloque 5. Estatística e probabilidade

- B5.1. Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas.
- B5.2. Variables cualitativas e cuantitativas.
- B5.3. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.
- B5.4. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.
- B5.5. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias.
- B5.6. Medidas de tendencia central.
- B5.7. Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.
- B5.8. Fenómenos deterministas e aleatorios.
- B5.9. Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.
- B5.10. Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación.

Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe

Na seguinte táboa recollense os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia de matemáticas do curso de 1º ESO, segundo o Decreto, adaptados ao contexto e o alumnado do IES República Oriental do Uruguai

As claves dos instrumentos e recursos de avaliación están recollidos no apartado que fai referencia a avaliación

Matemáticas. 1º de ESO						
Obxectivos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Irecursos aval	Grao de consecución
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D	SAC/AAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D	AAC
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D	ACC
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D	ACC
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D T	SAC AAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. ▪ MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D T	SAC AAC

Matemáticas. 1º de ESO

Objetivos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Irecursos aval	Grao de consecución
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D	AAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. ▪ MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D/	AAC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D T	AAC SAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D	SAC AAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. ▪ MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. ▪ MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. ▪ MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. ▪ MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D T	SAC AAC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D T	SAC AAC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D	AAC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D	AAC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	D	AAC

Matemáticas. 1º de ESO

Objetivos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Irecursos aval	Grao de consecución
	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcional inversa e exponencial. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.1.3. Identifica, estima ou calcula elementos característicos destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos, continuidade, simetrías e periodicidade). 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno, a partir da análise da gráfica que o describe ou dunha táboa de valores. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.1.5. Analiza o crecemento ou o decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media, calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
<ul style="list-style-type: none"> e f g h 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos, utilizando eixes e unidades axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica e sinala os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan, utilizando tanto lapis e papel como medios informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.2.4. Relaciona táboas de valores e as súas gráficas correspondentes en casos sinxelos, e xustifica a decisión. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.2.5. Utiliza con destreza elementos tecnolóxicos específicos para debuxar 	<ul style="list-style-type: none"> CD 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> D/SAC

Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas. 4º de ESO				Recursos para a avaliación /Gradación de logros
Ob-xec-tivos	Estándares de aprendizaxe	Compe-tencias clave	Tem-Porali-zación	
	gráficas.			
Bloque 5. Estatística e probabilidade				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística. ▪ MAPB5.1.2. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª aval. ▪ 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/SAC ▪ E+T/CSA ▪ E+T/CSA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos. ▪ MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª aval. ▪ 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ E+T/CSA ▪ E+T/CSA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA BACHARELATO

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS.

IES REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DE BACHARELATO

Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.

Neste apartado describimos brevemente de que xeito as Matemáticas contribúen ao desenvolvemento das competencias clave do currículo establecido pola Conselleira de Educación. Esta contribución, moitas veces, non se realiza de xeito explícito pero esta presente en todo o procesos de ensino aprendizaxe. As actividades integradas programadas na planificación de aula si reflicten esta contribución.

Comunicación lingüística: Na materia de matemáticas adquire especial importancia a expresión oral e escrita dos razoamentos e técnicas utilizados na resolución de problemas e na modelización da realidade.

Competencia Matemática e competencia básica en Ciencia e Tecnoloxía: As matemáticas son a ferramenta básica que utilizan tanto as ciencias como as ciencias sociais nos seus ámbitos de desenvolvemento para interpretar os resultados e obter conclusións, que permiten seguir avanzando no coñecemento específico de cada ciencia.

Conciencia e expresións culturais: O coñecemento matemático é unha expresión máis da cultura, nun amplo sentido do termo. O estudo das prácticas matemáticas e a evolucións das mesmas ao longo da historia contribúen a interpretar e coñecer as causas e consecuencias dos grandes feitos históricos: guerras, movementos económicos e sociais, arquitectura, pintura,....

Competencia dixital: A interacción entre os distintos tipos de linguaxe matemáticas: numérico, estatístico, gráfico permite relacionar o tratamento da información coa realidade do alumnado Mellora as destrezas relacionadas coa búsqueda e interpretación da información

Aprender a aprender: A metodoloxía da materia leva implícitas as estratexias para aprender a aprender; creatividade, investigación, perseverancia, reflexión sobre o aprendido e o que falta por aprender,...

Competencias sociais e cívicas: As matemáticas permiten analizar fenómenos sociais e aporta criterios científicos para interpretalos. Reforzan a capacidade de traballar en equipo e o respecto a opinións alleas, utilizando o razoamento e resolución de problemas para atopar puntos de encontro e fortalece a capacidade de negociación.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: As etapas da resolución de problemas forman parte tamén desta competencia: planificación, xestión de recursos e avaliación do proceso

Obxectivos didácticos do bacharelato

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Concrecións metodolóxicas.

Principios pedagóxicos:

Para un bo desenrolo do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da dinámica das clases contemplamos os seguintes principios pedagóxicos:

- **Participación.** Intentaremos que o alumno sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe, aprendendo por si mesmo, practicando ou aplicando coñecementos.
- **Motivación.** Aumentaremos a motivación do alumno con contidos e actividades próximos e interesantes. Tamén incrementaremos a motivación facendo explícita a utilidade dos contidos que se imparten
- **Personalización.** O profesor debe atender ás diferenzas individuais, ós diferentes ritmos de aprendizaxe e ós distintos intereses e motivacións dos alumnos
- **Inclusión.** Entendemos a inclusión como unha resposta didáctica que facilite e promova a participación de todo o alumnado, opoñéndose a calquera forma de segregación. Por tanto debemos ter en conta a diversidade e cando sexa necesario diversificar as tarefas, os tempos e os modos.
- **Interacción.** A aprendizaxe do alumno realízase moitas veces mediante a interacción profesor-alumno pero o alumno aprende tamén dos iguais, polo que é necesaria a interacción cos outros alumnos no traballo en grupo. Proporemos dinámicas que favorezan esa interacción.
- **Significatividade.** Para que a aprendizaxe sexa eficaz é preciso tomar como referencia os coñecementos previos que ten cada alumno porque sobre eles se asentarán os novos coñecementos.
- **Avaliación formativa.** Analizaremos o proceso de aprendizaxe para ver onde hai problemas e dificultades e poder orientar ó alumno e retroalimentar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Modelos:

- **Modelo discursivo/expositivo.** O profesor desenvolverá algúns contidos ou conceptos, con ou sen axuda audiovisual, e fará algunhas exposicións prácticas no aula.
- **Aprendizaxe cooperativo.** *Traballo por tarefas e por proxectos.* Búscase un *aprendizaxe cooperativo* e para favorecelo propóranse *traballos por tarefas e por proxectos* intentando sempre que sexan tarefas ou proxectos que se podan dar na vida cotiá.
- **Utilización das TICs.** Fomentaremos o uso das TICs mediante actividades prácticas realizadas na aula de informática e coa calculadora gráfica na aula, sempre coa exposición previa ó gran grupo do profesor sobre a actividade a realizar e a entrega do guión da mesma.

No caso de que haxa que chegar ao ensino semipresencial ou non presencial, as explicacións teóricas, os exercicios resoltos e os exercicios para resolver, serán entregados pola aula virtual. Así mesmo, o serán as probas a realizar, se non hai outro medio.

Neste senso, aquel alumnado que non dispoña de condicións para o bo uso da aula virtual, darase todo o material impreso, a través da titoría, para que poda vir recollelo ao centro e buscarase a maneira de que poida realizar as probas e exames no centro.

Materiais e recursos didácticos

Bacharelato

Libro de texto, e calculadora científica non programable.

Ordenador.

Programa informático Geogebra.

Crterios sobre a avaliación e a cualificación.

Tendo como referencia o proceso de avaliación continua do alumnado, o profesor valorará en cada curso/grupo a aplicación e a importancia dun ou outro procedemento ou instrumento de avaliación, entre os que se citan a continuación.

- Valoración da proba de avaliación inicial ao alumnado.
- Probas escritas de autoavaliación por unidades temáticas, corrixidas polo propio alumno baixo a supervisión do profesor ou profesora.
- Seguimento da avaliación continua de cada alumno mediante a observación directa: participación activa nas clases sobre contidos matemáticos axeitados ao nivel do alumnado; realización de tarefas, exercicios e solución de problemas na clase de matemáticas; control periódico da posta ao día do caderno de clase.
- Valoración do interese polas matemáticas: participación nas actividades suplementarias; lectura de libros de divulgación matemática; elaboración de carteis informativos sobre feitos relacionados coas matemáticas; ampliación de coñecementos matemáticos axeitados a idade do alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas; para iso, cómpre diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.

O proceso avaliador require da aplicación dunha serie de procedementos e instrumentos de avaliación.

Os procedementos de avaliación responden a cuestión: Como avaliar?. Os instrumentos de avaliación responden a: Con que avaliar?, é dicir, os recursos específicos que se aplican cada estándar de aprendizaxe.

A observación deberá ter en conta:

- Traballo e participación do alumno nas tarefas de clase.
- Interese e dedicación nos traballos de casa.
- Uso responsable dos materiais didácticos (libros, cadernos, equipos informáticos, etc.)

O análise das producións dos alumnos terá en conta:

- Tarefas: actividades para realizar en casa, resolución de exercicios diarios, tarefas semanais,
- Traballos expostos sobre os contidos para a avaliación.

- Exercicios de clase. O caderno do alumno será o instrumento no que figurarán todas as tarefas susceptibles de ser avaliadas, debidamente ordenadas e corrixidas polo alumno.

Probas

- Probas escritas que abarcarán unha parte limitada da materia.
- Probas que abarcarán unha ou varias unidades didácticas. Faranse un mínimo de dúas probas escritas por avaliación.
- A medida que avance o curso, nas probas incluíranse os mínimos da materia avaliada en probas anteriores. A media ponderada das probas realizadas durante o período de avaliación servirá para calcular a cualificación que lle corresponda ao alumno no apartado de probas escritas: exames
- As probas escritas confeccionaranse de modo que permitan aplicar os criterios de avaliación establecidos e comprobar a adquisición das competencias básicas da etapa.
- Na súa estrutura deberán estar representados, ao longo do curso, de forma proporcional os bloques do currículo correspondentes á avaliación.
- Se fose necesario, adaptaríanse á aula virtual e ao Edixgal as probas a realizar polo alumnado.
- En cada avaliación, a nota final das probas obterase proporcionalmente a cada proba en función do seu contido.

Para a valoración do traballo diario en casa e en clase, teranse en conta os seguintes elementos:

- O alumno asiste puntualmente, traballa e está atento en clase de forma habitual.
- O alumno presenta ou entrega na aula virtual as tarefas feitas por el, exponas e corríxeas.
- O alumno intervén en clase.
- Notas de clase cando o profesor pregunta.
- Respecto dos prazos de entrega de traballos e exercicios.
- Disposición do material necesario para o aproveitamento da clase.
- Caderno ordenado, completo e actualizado.
- Utilización, se procede, das tecnoloxías da información e a comunicación.

Procedementos de avaliación

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para á avaliación, tanto presenciais como telemáticas, para o que se poderá empregar a aula virtual do centro e o Edixgal.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cuantitativa do avance colectivo.
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

En caso de que houberse que facer avaliación semipresencial ou non presencial, ademais:

- Entrega de tarefas a través da Aula Virtual, respectando as instrucións de cada tarefa e o prazo de entrega.
- Seguemento e avaliación das actividades feitas online na Aula Virtual do IES.

En caso de que algún alumno ou alumna xustifique non ter acceso á rede, os prazos para entregas flexibilizaranse, buscarase outra vía de comunicación/ recepción das tarefas e porase en coñecemento da dirección do IES garantindo que ninguén quede sen atención.

Instrumentos para á avaliación

- Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade.
- Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade didáctica.
- Avaliación por competencias, probas correspondentes á unidade didáctica.
- Proxectos persoais o en agrupamentos.

En caso de que houbera que facer avaliación semipresencial ou non presencial, ademais:

Entrega correcta ou suficiente en forma e prazo da serie de actividades coleccionadas en boletíns entregadas *ad hoc*, utilizando os seguintes criterios:

- As actividades están completas.
- Entrega en prazo e forma correctas
- As actividades están correctamente resoltas
- As actividades están feitas de forma clara e ordenada
- As actividades non foron copiadas

Exame en xuño que, en caso de non poder realizarse de xeito presencial, será levado a cabo de xeito telemático, tendo en conta todas aquelas dificultades que puidesen xurdir.

Participación do alumnado (Aula Virtual, Foros, videoconferencias, mensaxes, etc).

Criterios de cualificación.

Nas ensinanzas do Bacharelato, a hora de avaliar a un alumno o profesorado do departamento terá en conta, ademais das probas obxectivas, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno. Ante a necesaria cuantificación numérica do proceso de avaliación de cada alumno ao final de curso, para ser avaliado positivamente na convocatoria ordinaria, o alumno deberá ser avaliado positivamente, ou ter recuperadas cun 5 ou máis, as tres avaliacións programadas no Instituto. En cada avaliación, as probas escritas suporán un 85% da valoración total do alumno, quedando o 15 % restante para a valoración do traballo na aula (caderno, participación, aula virtual, etc.); esta valoración poderá ser de CERO (0), se o alumno amosa repetidamente falta de traballo. Cada profesor estudará a posibilidade de que un alumno con avaliacións non superadas, poida facer unha proba de recuperación ao final do curso.

No bacharelato, para ser avaliado positivamente na convocatoria ordinaria, o alumno deberá ser avaliado positivamente, ou ter recuperados cun 5 ou máis, todos os bloques nos que está dividida a materia. En cada bloque, as probas escritas suporán un 85% da valoración total do alumno, quedando o 15 %

restante para a valoración do traballo na aula (caderno, participación, aula virtual, etc.). Cada profesor estudará a posibilidade de que un alumno con avaliacións non superadas, poida facer unha proba de recuperación ao final do curso.

Valoraranse os coñecementos teórico/prácticos do alumno/a e o adecuado uso da ferramenta matemática, así como o rigor nos razoamentos desenvolvidos e a linguaxe empregada. No desenvolvemento dos exercicios valóranse os seguintes aspectos:

- A identificación do modelo matemático e das propiedades matemáticas e a súa descrición concisa.

- A coherencia ordenada e razoada da exposición da resposta.

- A claridade de exposición.

- A capacidade de análise e de síntese.

- A utilización dunha adecuada terminoloxía e notación matemática.

- A facilidade e precisión na realización do cálculo.

Aínda que ESTÁ PERMITIDO O USO DE CALCULADORA non programable, os exercicios que se proporán poderanse resolver utilizando simplificacións e se o resultado dun problema é 2π ou $2/3$, por exemplo, non se debe aproximar dito resultado.

Accions para previr condutas deshonestas na realización de tarefas e probas escritas.

É importante transmitir ao alumnado a necesidade de non copiar ou plaxiar en calquera das actividades académicas que realice. Polo tanto, o profesorado do departamento informará ao alumnado da importancia ética dun comportamento correcto neste senso, prestando atención a posibles fraudes e insistindo na necesidade de evitalos.

Teranse en conta as seguintes cuestións:

As tarefas que se entreguen na aula virtual deben ser realizadas polo propio alumno ou alumna e entendelas. Ademais debe ser capaz de replicar a técnica e as estratexias empregadas. En caso contrario, anularanse todas as tarefas dese tema.

Nas probas escritas deberase especificar as puntuacións das preguntas. Caso de non ser así, entenderase que todas puntúan o mesmo. Os subapartados, cando estén precisados, puntuarán de xeito proporcional.

Os exercicios parcialmente resoltos ou con resultados incorrectos, poden acadar unha puntuación parcial que dependerá do axeitado da exposición e da solución.

É preciso que queden reflectidas nas follas do exame as operacións necesarias para a resolución de cada exercicio. As respostas concretas xustificaranse, xa que se só se achega a solución numérica, sen ningunha explicación, terá unha puntuación de cero.

Nas probas presenciais, o alumnado accederá a aula co móbil ou reloxo apagado, o pelo recollido e as orellas a vista. Se se incumpre estas normas o profesor da materia poderá pedir ao alumno ou alumna que abandone a proba e esta será calificado con cero.

Se existisen sospeitas de que un alumno utilizou material non autorizado (libros, apuntamentos, comunicacións electrónicas, dispositivos móbiles), nas seguintes 48 horas á realización do exame o profesorado pediralle ao alumno que acredite os resultados obtidos.

Concreción do grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e instrumentos e procedementos de avaliación dos mesmos

Recollemos nos seguintes parágrafos as claves que se utilizan nas concrecións curriculares da cada materia do departamento en cada curso no que fai referencia ao grao de consecución de cada estándar e a ferramenta de avaliación

Claves dos procedementos e instrumentos empregados na avaliación.

D Observación directa do traballo. Valoración cualitativa do avance individual: anotacións e puntualizacións.

T Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. Valoración cuantitativa do avance individual. Valoración cuantitativa do avance colectivo.

E Avaliación de contidos: probas correspondentes as unidades didácticas. Probas de avaliación.

Claves do estándar avaliado.

Gradación de logros dos estándares de aprendizaxe: SEMPRE, CASE SEMPRE, AS VECES e NUNCA alcanza os estándares a, empregar na avaliación da respectiva competencia.

Descrición:

SAC= Sempre alcanza o estándar avaliado. Entre o 91% e o 100%.

CSA= Case sempre alcanza o estándar avaliado. Entre o 61% e o 90%.

AAC= As veces alcanza o estándar avaliado. Entre o 31% e o 60%.

CNA= Case nunca alcanza o estándar avaliado. Entre o 1% e o 30%

NAC= Nunca alcanza o estándar avaliado. O 0%

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES MATEMÁTICAS I E MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS-I

O Departamento de Matemáticas imparte clases de recuperación ao alumnado de 2º BAC con materias do Departamento pendentes de 1º BAC, os mércores de 16:30 ata 18:30, en semanas alterna para o alumnado de Ciencias e o de Ciencias Sociais.

Realizaranse dúas probas de toda a materia, unha no mes de xaneiro e outra no mes marzo. Se o alumno aproba unha delas, aprobará a materia pendente. Poderá realizar unha última proba. Aplicaranse os criterios de cualificación previstos na programación xeral.

No caso de non aprobar, o alumno deberase presentar á proba extraordinaria convocada pola Xefatura de Estudos do Instituto, antes do remate do mes de abril, cuxos criterios de carácter xeral suxeitaranse ao contemplado na programación do departamento do curso anterior.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación como proceso continuo iniciase coos coñecementos previsto do alumnado ao respecto da materia, cunha valoración da súa actitude e analizando se a opción académica escollida polo alumnado correspondese coas súas expectativas e capacidades.

Por estas razóns é importante realizar esta avaliación inicial coa finalidade de coñecer polo miúdo as características do nos alumnado.

Esta avaliación utiliza entre outras as seguintes ferramentas: A memoria do departamento do curso pasado, os informes do departamento de orientación, o Consello Orientador e a información que poida aportar o profesorado do alumno en cursos anteriores. Ademais, segundo as características do laumanod poderase realizar unha proba inicial de coñecementos previsto de cursos anteriores ou unha proba de cada bloque para saber en que punto estamos.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES DA MATERIA MATEMÁTICAS I

Contidos e temporalización dos mesmos

Coa fin de facilitar a organización da materia en unidades didácticas e establecer a temporalización das mesmas, recollemos nesta apartado as unidades didácticas que se imparten en 2º da ESO e os contidos das mesmas. Esta división non supón tratar a materia en compartimentos estancos, xa que existe interdependencia entre todas as unidades e bloques, a globalidade e interdependencia é salientable nos contidos do bloque 1 “Procesos, métodos e actitudes en matemáticas”.

Os elementos básicos deste bloque son a resolución de problemas e os proxectos de investigación, a aportación das matemáticas as competencias claves pivota sobre a transversalidade do bloque 1.

En apartados posteriores establecemos a relación entre contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

BLOQUE	UNIDADE DIDÁCTICA	Temporalización
2 NÚMEROS E ÁLXEBRA	Tema 1. Números reais.	1ª avaliación
	Tema 2 Álgebra	
3 XEOMETRÍA	Tema 3. Resolución de triángulos.	
	Tema 4. Fórmulas trigonométricas.	
	Tema 5. Números complexos.	
	Tema 6. Vectores no plano	
	Tema 7. Xeometría analítica.	
4 FUNCIONES	Tema 8. Lugares xeométricos	2ª avaliación
	Tema 10. Funcións elementais.	
	Tema 11. Límites e continuidade.	
5 ESTADÍSTICA	Tema 12. Derivadas.	3ª avaliación
	Tema 13. Distribucións bidimensionais.	
	Tema 14. Probabilidade.	

Relación de contidos mínimos para a materia de Matemáticas I de 1º Bacharelato

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas

- B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.
- B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables; suposición do problema resolto.

- B1.3. Solucións e/ou resultados obtidos: coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, outras formas de resolución, problemas parecidos, xeneralizacións e particularizacións interesantes.
- B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.
- B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo, método de indución, contraexemplos, razoamentos encadeados, etc.
- B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo.
- B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.
- B1.8. Elaboración e presentación oral e/ou escrita, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema ou na demostración dun resultado matemático.
- B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:
 - Recollida ordenada e a organización de datos.
 - Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.
 - Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.
 - Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.
 - Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.
 - Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.
- B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.
- B1.11. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o proceso, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido, utilizando as ferramentas e os medios tecnolóxicos axeitados.
- B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.
- B1.13. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.

Bloque 2. Números e álgebra

- B2.1. Números reais: necesidade do seu estudo e das súas operacións para a comprensión da realidade. Valor absoluto. Desigualdades. Distancias na recta real. Intervalos e ámbitos. Aproximación e erros. Notación científica.
- B2.2. Números complexos. Forma binómica e polar. Representacións gráficas. Operacións elementais. Fórmula de Moivre.
- B2.3. Sucesións numéricas: termo xeral, monotonía e anotación. Número "e".
- B2.4. Logaritmos decimais e neperianos. Propiedades. Ecuacións logarítmicas e exponenciais.
- B2.5. Resolución de ecuacións non alxébricas sinxelas
- B2.6. Formulación e resolución de problemas da vida cotiá mediante ecuacións e inecuacións. Interpretación gráfica.
- B2.7. Método de Gauss para a resolución e a interpretación de sistemas de ecuacións lineais. Formulación e resolución de problemas da vida cotiá utilizando o método de Gauss.

Bloque 3. Análise

- B3.1. Funcións reais de variable real. Características das funcións.
- B3.2. Funcións básicas: polinómicas, racionais sinxelas, valor absoluto, raíz, trigonométricas e as súas inversas, exponenciais, logarítmicas e funcións definidas a anacos.
- B3.3. Operacións e composición de funcións. Función inversa. Funcións de oferta e demanda.
- B3.4. Concepto de límite dunha función nun punto e no infinito. Cálculo de límites. Límites laterais. Indeterminacións.
- B3.5. Continuidade dunha función. Estudo de discontinuidades.
- B3.6. Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica da derivada da función nun punto. Medida da variación instantánea dunha magnitude con respecto a outra. Recta tanxente e normal.
- B3.7. Función derivada. Cálculo de derivadas. Regra da cadea.
- B3.8. Utilización das ferramentas básicas da análise para o estudo das características dunha función. Representación gráfica de funcións.

Bloque 4. Xeometría

- B4.1. Medida dun ángulo en radiáns.
- B4.2. Razóns trigonométricas dun ángulo calquera. Circunferencia goniométrica. Razóns trigonométricas dos ángulos suma, diferenza doutros dous, dobre e metade. Fórmulas de transformacións trigonométricas.
- B4.3. Teoremas. Resolución de ecuacións trigonométricas sinxelas.
- B4.4. Resolución de triángulos. Resolución de problemas xeométricos diversos.
- B4.5. Vectores libres no plano. Operacións xeométricas.
- B4.6. Produto escalar. Módulo dun vector. Ángulo de dous vectores.
- B4.7. Bases ortogonais e ortonormal.

- B4.8. Xeometría métrica plana. Ecuacións da recta. Posicións relativas de rectas. Distancias e ángulos. Resolución de problemas.
- B4.9. Lugares xeométricos do plano.
- B4.10. Cónicas. Circunferencia, elipse, hipérbola e parábola. Ecuación e elementos.

Bloque 5. Estatística e probabilidade

- B5.1. Estatística descritiva bidimensional.
- B5.2. Táboas de continxencia.
- B5.3. Distribución conxunta e distribucións marxinais.
- B5.4. Medias e desviacións típicas marxinais.
- B5.5. Distribucións condicionadas.
- B5.6. Independencia de variables estatísticas.
- B5.7. Estudo da dependencia de dúas variables estatísticas. Representación gráfica: nube de puntos.
- B5.8. Dependencia lineal de dúas variables estatísticas. Covarianza e correlación: cálculo e interpretación do coeficiente de correlación lineal.
- B5.9. Regresión lineal. Estimación. Predicións estatísticas e fiabilidade destas.
- B5.10. Identificación das fases e das tarefas dun estudo estatístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.

Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe

Criterios de avaliación

Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas

- B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.
- B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
- B1.3. Realizar demostracións sinxelas de propiedades ou teoremas relativos a contidos alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.
- B1.4. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema ou nunha demostración, coa precisión e o rigor adecuados.
- B1.5. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.
- B1.6. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior, a xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e o afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.
- B1.7. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados.
- B1.8. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións da realidade.
- B1.9. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.
- B1.10. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.
- B1.11. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.
- B1.12. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia e aprendendo delas para situacións similares futuras.
- B1.13. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.
- B1.14. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartindoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.

Bloque 2: Números e álgebra

- B2.1. Utilizar os números reais, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, estimando, valorando e representando os resultados en contextos de resolución de problemas.

- B2.2. Coñecer os números complexos como extensión dos números reais, e utilízaos para obter solucións dalgunhas ecuacións alxébricas.
- B2.3. Valorar as aplicacións do número "e" e dos logaritmos utilizando as súas propiedades na resolución de problemas extraídos de contextos reais.
- B2.4. Analizar, representar e resolver problemas formulados en contextos reais, utilizando recursos alxébricos (ecuacións, inecuacións e sistemas) e interpretando criticamente os resultados

Bloque 3: Análise

- B3.1. Identificar funcións elementais dadas a través de enunciados, táboas ou expresións alxébricas, que describan unha situación real, e analizar cualitativa e cuantitativamente as súas propiedades, para representalas graficamente e extraer información práctica que axude a interpretar o fenómeno do que se derivan.
- B3.2. Utilizar os conceptos de límite e continuidade dunha función aplicándoos no cálculo de límites e o estudo da continuidade dunha función nun punto ou un intervalo.
- B3.3. Aplicar o concepto de derivada dunha función nun punto, a súa interpretación xeométrica e o cálculo de derivadas ao estudo de fenómenos naturais, sociais ou tecnolóxicos, e á resolución de problemas xeométricos.
- B3.4. Estudar e representar graficamente funcións obtendo información a partir das súas propiedades e extraendo información sobre o seu comportamento local ou global.

Bloque 4: Xeometría

- B4.1. Recoñecer e traballar cos ángulos en radiáns, manexando con soltura as razóns trigonométricas dun ángulo, do seu dobre e a metade, así como as transformacións trigonométricas usuais.
- B4.2. Utilizar os teoremas do seno, coseno e tanxente, e as fórmulas trigonométricas usuais para resolver ecuacións trigonométricas e aplicalas na resolución de triángulos directamente ou como consecuencia da resolución de problemas xeométricos do mundo natural, xeométrico ou tecnolóxico.
- B4.3. Manexar a operación do produto escalar e as súas consecuencias; entender os conceptos de base ortogonal e ortonormal; e distinguir e manexarse con precisión no plano euclídeo e no plano métrico, utilizando en ambos os casos as súas ferramentas e propiedades.
- B4.4. Interpretar analiticamente distintas situacións da xeometría plana elemental, obtendo as ecuacións de rectas, e utilízalas para resolver problemas de incidencia e cálculo de distancias.
- B4.5. Manexar o concepto de lugar xeométrico no plano e identificar as formas correspondentes a algúns lugares xeométricos usuais, estudando as súas ecuacións reducidas e analizando as súas propiedades métricas.

Bloque 5: Estatística e probabilidade

- B5.1. Describir e comparar conxuntos de datos de distribucións bidimensionais, con variables discretas ou continuas, procedentes de contextos relacionados co mundo científico, e obter os parámetros estatísticos máis usuais, mediante os medios máis adecuados (lapis e papel, calculadora ou folla de cálculo), valorando a dependencia entre as variables.
- B5.2. Interpretar a posible relación entre dúas variables e cuantificar a relación lineal entre elas mediante o coeficiente de correlación, valorando a pertinencia de axustar unha recta de regresión e, de ser o caso, a conveniencia de realizar predicións, avaliando a fiabilidade destas nun contexto de resolución de problemas relacionados con fenómenos científicos.
- B5.3. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas coa estatística, analizando un conxunto de datos ou interpretando de forma crítica informacións estatísticas presentes nos medios de comunicación, a publicidade e outros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións na presentación tanto dos datos como das conclusións.

Táboa de avaliación dos estándares e gradación de logros:

Ob-xec-tivos	Matemáticas I. 1º de bacharelato			Recursos para a avaliación /Gradación de logros
	Estándares de aprendizaxe	Compe-tencias clave	Tem-Porali-zación	
	Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/SAC ▪ D/AAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado para resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC ▪
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC

Matemáticas I. 1º de bacharelato				Recursos para a avaliación /Gradación de logros
Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC ▪ D/SAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC ▪ D/SAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.3.1. Utiliza diferentes métodos de demostración en función do contexto matemático e reflexiona sobre o proceso de demostración (estrutura, método, linguaxe e símbolos, pasos clave, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.4.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.4.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema para demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC ▪ D/SAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.5.1. Coñece a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática (problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.5.2. Planifica axeitadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC ▪ D/SAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.5.3. Afonda na resolución dalgúns problemas, formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.6.1. Xeneraliza e demostra propiedades de contextos matemáticos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.6.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC ▪ D/SAC ▪ D/SAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/SAC ▪ D/AAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC ▪ D/SAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/SAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.7.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, e, así mesmo, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.8.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC ▪ D/SAC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MA1B1.8.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ D/AAC

Matemáticas I. 1º de bacharelato				Recursos para a avaliación /Gradación de logros
Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	
	os coñecementos matemáticos necesarios.			
Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas

- B1.1 Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.
- B1.2 Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
- B1.3 Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
- B1.4 Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.
- B1.5 Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior; da xeneralización de propiedades e leis matemáticas; e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.
- B1.6 Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados.
- B1.7 Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade.
- B1.8 Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.
- B1.9 Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.
- B1.10. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.
- B1.11 Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia, e aprender diso para situacións similares futuras.
- B1.12 Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.
- B1.13 Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartindoos en ámbitos apropiados, para facilitar a interacción.

▪ **Bloque 2: Números e álgebra**

- B2.1 Organizar información procedente de situacións do ámbito social utilizando a linguaxe matricial, e aplicar as operacións con matrices como instrumento para o tratamento da devandita información.
- B2.2 Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resolvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, sistemas de ecuacións, inecuacións e programación lineal bidimensional), interpretando criticamente o significado das solucións obtidas.

▪ **Bloque 3: Análise**

- B3.1 Analizar e interpretar fenómenos habituais das ciencias sociais de xeito obxectivo traducindo a información á linguaxe das funcións, e describi-lo mediante o estudo cualitativo e cuantitativo das súas propiedades máis características.
- B3.2 Utilizar o cálculo de derivadas para obter conclusións acerca do comportamento dunha función, para resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter económico ou social e extraer conclusións do fenómeno analizado.
- B3.3 Aplicar o cálculo de integrais na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables, utilizando técnicas de integración inmediata.

▪ **Bloque 4: Estatística e Probabilidade**

- B4.1 Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento persoais, diagramas de árbore ou táboas de continxencia, a axiomática da probabilidade e o teorema da probabilidade total, e aplica o teorema de Bayes para modificar a probabilidade asignada a un suceso (probabilidade inicial) a partir da información obtida mediante a experimentación (probabilidade final), empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos

relacionados coas ciencias sociais.

- B4.2 Describir procedementos estatísticos que permiten estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados, calculando o tamaño mostral necesario e construíndo o intervalo de confianza para a media dunha poboación normal con desviación típica coñecida e para a media e proporción poboacional, cando o tamaño mostral é suficientemente grande.
- B4.3 Presentar de forma ordenada información estatística utilizando vocabulario e representacións adecuadas, e analizar de xeito crítico e argumentado informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, na publicidade e noutros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións.

Táboa de avaliación dos estándares e competencias

Ob-xec-tivos	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I I. 2º de bacharelato			Recursos para a avaliación /Gradación de logros
	Estándares de aprendizaxe	Compe-tencias clave	Tem-Porali-zación	
	Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas			
▪ f ▪ h	▪ MACS2B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	▪ CCL ▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/SAC ▪ D/AAC
▪ i ▪ l	▪ MACS2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia.	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido.	▪ CMCCT ▪ CAA	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC ▪ D/SAC
▪ g ▪ i	▪ MACS2B1.3.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación.	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.3.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.3.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, á situación que cumpra resolver ou á propiedade ou o teorema que se vaia demostrar.	▪ CMCCT ▪ CD	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC ▪ D/SAC
▪ i ▪ l ▪ m	▪ MACS2B1.4.1. Coñece e describe a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática: problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.4.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	▪ CMCCT ▪ CSIEE	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC ▪ D/SAC
▪ h ▪ i ▪ l ▪ n	▪ MACS2B1.5.1. Afonda na resolución dalgúns problemas formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc.	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.5.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.).	▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCEC	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC ▪ D/SAC ▪ D/SAC
▪ e ▪ g ▪ i	▪ MACS2B1.6.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación.	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.6.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación.	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.	▪ CCL ▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/SAC ▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.6.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na comunicación das ideas matemáticas.	▪ CMCCT ▪ CD	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC ▪ D/SAC
	▪ MACS2B1.6.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.	▪ CCL	▪ Todo o curso.	▪ D/SAC
	▪ MACS2B1.6.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC

Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I I. 2º de bacharelato				Recursos para a avaliación /Gradación de logros
Ob-xec-tivos	Estándares de aprendizaxe	Compe-tencias clave	Tem-Porali-zación	
	experiencia.			
▪ i ▪ l	▪ MACS2B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	▪ CMCCT ▪ CSC	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC ▪ D/SAC
	▪ MACS2B1.7.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios.	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.7.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas.	▪ CMCCT	Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	▪ CMCCT	Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.7.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	▪ CMCCT	Todo o curso.	▪ D/AAC
▪ i	▪ MACS2B1.8.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións.	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ n ▪ ñ ▪ o ▪ p	▪ MACS2B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continua, etc.).	CMCCT CSC CSIEE	odo o curso.	D / AAC D / SAC D / SAC
	▪ MACS2B1.9.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular ou formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados, etc.	▪ CMCCT ▪ CAA	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC ▪ D/SAC
	▪ MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	▪ CSC ▪ CSIEE	▪ Todo o curso.	▪ D/SAC ▪ D/SAC
▪ b ▪ i ▪ l ▪ m	▪ MACS2B1.10.1. Toma decisións nos procesos (de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización), valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	▪ CMCCT ▪ CSIEE	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC ▪ D/SAC
▪ b ▪ i ▪ l	▪ MACS2B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprende diso para situacións futuras.	▪ CMCCT ▪ CAA	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC ▪ D/SAC
▪ g ▪ i	▪ MACS2B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilizaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	▪ CMCCT ▪ CD	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC ▪ D/SAC
	▪ MACS2B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	▪ CMCCT	▪ Todo o curso.	▪ D/AAC
	▪ MACS2B1.12.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	▪ CMCCT	Todo o curso.	▪ D+T/AAC

Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I I. 2º de bacharelato				Recursos para a avaliación /Gradación de logros
Obxectivos	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	
	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.12.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Todo curso. 	<ul style="list-style-type: none"> D/AAC
	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.12.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> Todo curso. 	<ul style="list-style-type: none"> D/AAC
<ul style="list-style-type: none"> e g i 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. 	<ul style="list-style-type: none"> CD 	<ul style="list-style-type: none"> Todo curso. 	<ul style="list-style-type: none"> D/SAC
	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none"> Todo curso. 	<ul style="list-style-type: none"> D/SAC
	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA 	<ul style="list-style-type: none"> Todo curso. 	<ul style="list-style-type: none"> D/SAC D/SAC
	<ul style="list-style-type: none"> MA1B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSC CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> Todo curso. 	<ul style="list-style-type: none"> D/SAC D/SAC D/SAC
Bloque 2. Números e álgebra				
<ul style="list-style-type: none"> i 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B2.1.1. Dispón en forma de matriz información procedente do ámbito social para poder resolver problemas con maior eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B2.1.2. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas e para representar sistemas de ecuacións lineais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B2.1.3. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual e co apoio de medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MA1B2.1.6. Resolve problemas nos que interveñen números reais, a súa representación e a interpretación na recta real, e as súas operacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
<ul style="list-style-type: none"> h i 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B2.2.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real e o sistema de ecuacións lineais formulado (como máximo de tres ecuacións e tres incógnitas), resólveo nos casos que sexa posible e aplica para resolver problemas en contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B2.2.2. Aplica as técnicas gráficas de programación lineal bidimensional para resolver problemas de optimización de función lineais que están suxeitas a restricións, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª ava. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
Bloque 3 Análise				
<ul style="list-style-type: none"> i 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.1.1. Modeliza con axuda de funcións problemas formulados nas ciencias sociais e descríbeos mediante o estudo da continuidade, tendencias, ramas infinitas, corte cos eixes, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.1.2. Calcula as asíntotas de funcións sinxelas racionais, exponenciais e logarítmicas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.1.3. Estuda a continuidade nun punto dunha función elemental ou definida a anacos utilizando o concepto de límite. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
<ul style="list-style-type: none"> i 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.2.1. Representa funcións e obtén a expresión alxébrica a partir de datos relativos ás súas propiedades locais ou globais, e extrae conclusións en problemas derivados de situacións reais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.2.2. Formula problemas de optimización sobre fenómenos relacionados coas ciencias sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
<ul style="list-style-type: none"> i 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.3.1. Aplica a regra de Barrow ao cálculo de integrais definidas de funcións elementais inmediatas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA
	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.3.2. Aplica o concepto de integral definida para calcular a área de recintos planos delimitados por unha ou dúas curvas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª aval. 	<ul style="list-style-type: none"> E+T/CSA

Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I I. 2º de bacharelato				Recursos para a avaliación /Gradación de logros
Ob-xec-tivos	Estándares de aprendizaxe	Compe-tencias clave	Tem-Porali-zación	
Bloque 5. Estatística e probabilidade				
▪ i ▪ l	▪ MACS2B4.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.	▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA
	▪ MACS2B4.1.2. Calcula probabilidades de sucesos a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral.	▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA
	▪ MACS2B4.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes.	▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA
	▪ MACS2B4.1.4. Resolve unha situación relacionada coa toma de decisións en condicións de incerteza en función da probabilidade das distintas opcións.	▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA
▪ i ▪ l	▪ MACS2B4.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección.	▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA
	▪ MACS2B4.2.2. Calcula estimadores puntuais para a media, varianza, desviación típica e proporción poboacionais, e aplícao a problemas reais.	▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA
	▪ MACS2B4.2.3. Calcula probabilidades asociadas á distribución da media mostral e da proporción mostral, aproximándoas pola distribución normal de parámetros axeitados a cada situación, e aplícao a problemas de situacións reais.	▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA
	▪ MACS2B4.2.4. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida.	▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA
	▪ MACS2B4.2.5. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional e para a proporción no caso de mostras grandes.	▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA
	▪ MACS2B4.2.6. Relaciona o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcula cada un destes tres elementos, coñecidos os outros dous, e aplícao en situacións reais.	▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA
▪ e ▪ i ▪ l ▪ m	▪ MACS2B4.3.1. Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas.	▪ CCL ▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ D/SAC ▪ E+T/CSA
	▪ MACS2B4.3.2. Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo.	▪ CMCCT	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA
	▪ MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.	▪ CMCCT ▪ CSC	▪ 3ª aval.	▪ E+T/CSA ▪ D/SAC

CONCRECIÓNS CURRICULARES DA MATERIA PROPIA DO CENTRO: O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

Currículo elaborado seguindo a normativa recollida no *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*.

INTRODUCCIÓN

A materia **O proxecto de investigación** pretende artellar un coñecemento que permita ao alumnado realizar de xeito adecuado un proxecto de investigación, tendo en conta cada un dos pasos de elaboración deste.

A formación científica debe ter en conta que as ciencias non son exclusivamente un conxunto de coñecementos: Conceptos, leis e teorías (**saber ciencia**); tamén inclúen estratexias, técnicas e habilidades de investigación relacionadas coa resolución de problemas científico-tecnolóxicos (**facer ciencia**). Ademais de a conciencia da ciencia para mellora da sociedade, a necesidade de comprobar a veracidade das investigacións e unha ética do traballo investigador (**Saber ser en ciencia**)

Por unha banda, a docencia implica a preservación e transmisión do coñecemento pero ademais debe fomentar a xeración de coñecemento a través da investigación, o que supón ensinar e investigar. E por último transferir ese coñecemento para que supoña desenvolvemento social e económico.

Préstase especial atención ao desenvolvemento da creatividade e o espírito de innovación para resolver situacións en diferentes ámbitos, así como a relevancia de valorar e percibir o erro de xeito positivo. Incentívase a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, con independencia do resultado final, promóvese o traballo en equipo, mantendo unha comunicación fluída entre as persoas autoras do proxecto compartido, e dáselle un especial impulso á utilización de ferramentas informáticas e audiovisuais que axuden á difusión efectiva do proxecto..

Utilizaremos una metodoloxía constructivista, mediante a aprendizaxe baseada en problemas, de xeito que sexa o propio alumnado que constrúa o seu aprendizaxe De xeito, que esta aprendizaxe sexa a guía do seu traballo de investigación, dende a elección de temas do seu interese ata unha exposición con rigor e claridade das hipóteses e as conclusións as que chegou o alumnado.

Para o alumnado transformar a investigación nunha memoria escrita supón un verdadeiro reto, como tamén o é a exposición oral sintética, ordenada e coherente do proceso e os resultados da investigación.

Os distintos bloques que constitúen a materia **O Proxecto de investigación** fan referencia aos recursos e coñecementos necesarios para desenvolver calquera tipo de investigación. Trátase de ofertar ferramenta que permitas, establecer os obxectivos, as hipóteses, o marco teórico, o desenvolvemento da investigación e as conclusións. De xeito que ao remate do proceso o alumnado sexa quen de presentar por escrito de xeito claro e ordenado todo o proceso de investigación e facer unha defensa oral do mesmo. Poñer en movemento distintas metodoloxías de investigación enriquece o propio proceso, trátase de ensinar a crear coñecemento de forma autónoma con un propósito específico.

Así no **BLOQUE 1 O PROCESO DE INVESTIGACIÓN** establecemos que características ten un proceso de investigación, que estratexias ten que desenvolver o alumnado, como realizar unha boa planificación do mesmo e que actitudes son necesaria para ter éxito na investigación, prestando especial atención ao traballo en equipo e o traballo cooperativo

No **BLOQUE 2 BÚSQUEDA E RECUPERACIÓN DA INFORMACIÓN** sinálanse cales son as etapas deste proceso e que estratexias a seguir en función das necesidades da nosa investigación. Faise referencia aos dereitos de autor e aos distintos tipos de licencias aplicables a calquera tipo de creación e en relación cos aspectos anteriores recollese no currículo como facer citas, referencias e elaborar a bibliografía.

O **BLOQUE 3 REDACCIÓN DUN TEXTO ESCRITO SOBRE A INVESTIGACIÓN** trata sobre as características da elaboración dun texto escrito que nos permita nos permitirá difundir e mostrar a nosa investigación, dun xeito ordenado e claro. Debemos ter en conta a que tipo que tipo de texto imos realizar: un informe, un artigo de revista, un cartaz divulgativo, un informe para solicitar financiamento, ... Analizamos tamén as ferramentas mais usuais na edición de textos científicos, xa que unha das tarefas inherentes á investigación: dar a coñecer os resultados de todo o proceso. En todo traballo de investigación invertese tempo e esforzo neste aspecto. Na práctica totalidade das revistas científicas aceptan documentos en Word e en Latex, incorporándose lentamente o procesador Libreoffice. Abordaremos estes procesadores tendo en conta que os informes que redacte o alumnado incorporan texto, gráficos, ecuacións e imaxes. No que fai referencia ao software privativo MicrosoftOffice non podemos esquecer o convenio firmado entre a Consellería de Educación e Microsoft en xuño de 2019.

Por último no **BLOQUE 4 A EXPOSICIÓN DA INVESTIGACIÓN** abordamos aspectos concretos sobre a difusión pública do noso traballo, tanto no que fai referencia a distintos formatos de presentación como a distintas formas de comunicación oral. Rematado o noso traballo e realizadas as conclusións é posible que teñamos que expoñelas diante de especialistas na materia obxecto da nosa investigación, diante de compañeiros ou diante do público en xeral, os contidos deste bloque fan referencia as distintas estratexias que debemos usar en cara caso

O PROXECTO STEM				
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1 O PROCESO DE INVESTIGACIÓN				
d e h i l	Estratexias necesarias na actividade científica.	Recoñecer e utilizar as estratexias básicas da actividade científica: formular problemas e emitir hipóteses, propor modelos, elaborar estratexias de resolución de problemas e deseños experimentais, analizar os resultados e realizar experiencias	Aplica habilidades necesarias para a investigación científica: fai preguntas, identifica problemas, recolle datos, realiza experiencias, diseña e argumenta estratexias de resolución de problemas, utiliza modelos e leis, revisa o proceso e obtén conclusións.	CA CCL CMCCT CSIEE
h i l	Estratexias necesarias na actividade científica.	Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.	Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio, razoamentos matemáticos ou pequenos proxectos de investigación.	CAA CCL CD CMCCT CSC CSIEE
Todos os do BAC	Planificación e realización de proxectos e investigacións a partir de contextos da realidade ou do mundo das ciencias, de xeito individual e en equipo.	. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	Coñece a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación científica (problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.).	CMCCT
			Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	CMCCT CSC CSIEE

O PROXECTO STEM				
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 2 BÚSQUEDA E RECUPERACIÓN DA INFORMACIÓN				
g l	Recursos dixitais. Internet como fonte de información.	Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet.	Utiliza internet de xeito autónomo valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a...	CD CAA
g j l	Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura.	Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados.	Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web	CD CAA CSIEE
			Emprega prensa e revistas dixitais especializadas como fonte informativa	CD CAA CMCCT
	Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura.	Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes.	Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.	CD CAA CSIEE
			Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.	CD CAA CSIEE
a b c n	Dereitos de autoría.	Recoñecer os dereitos de autoría.	Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes, recoñece e utiliza as distintas licencias CC	CD CAA CSC

O PROXECTO STEM				
Obxectivos	Contidos	Critérios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b c g i l n	Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.).	Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se rexe a forma de citar diferentes fontes.	Cita con corrección os libros consultados.	CAA CD CSC CCEC
			Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.	CCL CD CAA CSC
BLOQUE 3 REDACCIÓN DUN TEXTO ESCRITO SOBRE A INVESTIGACIÓN REALIZADA				
g l	. Elaboración escrita, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de informes científicos sobre investigacións a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.	. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas xurdidas nun proceso de investigación, coa precisión e o rigor adecuados.	<ul style="list-style-type: none"> . Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na investigación, coa precisión e o rigor adecuados. 	CCL CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> . Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de investigación, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas 	CMCCT CD
e g h	Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto..	Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación), e avalía a súa propia produción escrita	CAA
	Editores de textos científicos para artigos, proxectos de investigación,		Coñece os editores de texto Microsoftoffice e Libe office	CCL

O PROXECTO STEM				
Obxectivos	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g h	traballos finais, etc.	Coñecer distintos procesadores de texto e facer una escolla do máis idóneo para cada tipo de traballo	Coñece os fundamentos do editor de texto LaTeX e o utiliza para expresión matemáticas de grande complexidade	CAA CMCCT
BLOQUE 5 A EXPOSICIÓN DA INVESTIGACIÓN				
g h	Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.	Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	Realiza presentacións orais e organiza o contido e elabora guións previos á intervención oral formal, seleccionando a idea central e o momento en que vai ser presentada ao seu auditorio, así como as ideas secundarias e os exemplos que van apoiar o seu desenvolvemento.	CCL CMCCT CCA
			. Incorpora palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	CMCCT
			Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	CCL
g h	Coñecemento de ferramentas dixitais para realizar presentación de apoio a exposición oral	Utilizar correctamente programas de elaboración de presentacións dixitais, que conteñan elementos audiovisuais	Realiza presentacións con toda a información da que dispón	CD CCA
			Sigue as pautas de elaboración dunha presentación interesante e atractiva	CD CCA

Temporalización, grao de consecución e avaliación dos estándares de aprendizaxe

As rúbricas aquí presentadas avalían o proceso de investigación que se realiza en tres materias distintas: As materias extracurriculares de 1º e 2º BAC , A investigación STEM e a materia de propia de centro, O proxecto de investigación.

Trátase polo tanto de avaliar ao longo de dous cursos a aprendizaxe do alumnado sobre a creación de documentación científica e as distintas metodoloxías coas que abordan as cuestións propias da ciencia.

Este documento é provisional, a espera de melloras ao longo do curso coas aportacións do profesorado STEM

O PROXECTO

So na avaliación ordinaria será posible avaliar todos os aspectos sinalados.

Ao longo da 1º e 2º avaliación, o profesorado implicado escollerá que ítems avaliar

VALORACIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

	Nada 1-2	Pouco 3-5	Bastante 6-7	Moito 8-10
Grao de dificultade do Traballo Final do Proxecto de Investigación				
Metodoloxía, planificación e desenvolvemento do traballo				
Grao de autonomía do alumno na realización do proxecto				
Actitude perseverante na superación das dificultades				
Grao de emprego de ferramentas TICS				
Grao de innovación e orixinalidade do proxecto				

RECURSOS EMPREGADOS:

	Nada 1-2	Pouco 3-5	Bastante 6-7	Moito 8-10
Libros e revistas, Internet, entrevistas, normativas e leis, medicións periódicas, análises de obxectos, estatísticas.				
As fontes de información son adecuadas e suficientes.				
Clasifica de maneira eficaz a bibliografía.				
Cita a bibliografía respectando as normas establecidas.				

INICIATIVA DO ALUMNADO

	Nada 1-2	Pouco 3-5	Bastante 6-7	Moito 8-10
Amosa interés				
Desenvolve o traballo na aula de xeito eficaz				
Aceptou e aplicou as suxerencias de mellora propostas polo profesorado.				
Afrontou e superou as dificultades.				

ESFORZO DO ALUMNADO E TRABALLO ENTREGADO

	Nada 1-2	Pouco 3-5	Bastante 6-7	Moito 8-10
Entrega os traballos parciais a tempo				
Incorporou elementos innovadores na realización do traballo (vídeos...).				
O traballo profundiza no tema plantexado.				
O traballo reflicte un proceso de investigación.				
O traballo está ben documentado.				
O traballo ten unha presentación cuidada.				

ACCIÓN COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Educación en valores.

A Matemática como disciplina educativa, préstase a fomentar os diversos aspectos que se poden desenvolver na Educación en Valores.

A Educación multicultural pódese traballar dende as inmensas achegas que foron dando as diferentes culturas ao longo da historia: sistemas de numeración, xogos matemáticos de diferentes latitudes, biografías de matemáticos de distintos países, etc

Así mesmo, a Matemática fomenta a educación para a convivencia, pois préstase moi facilmente ao traballo colaborativo, coa conseguinte posta en común dos diferentes resultados dos diferentes grupos. Neste aspecto, a Matemática é moi útil, dada a súa versatilidade, para que o alumnado aprenda que plantexamentos distintos son igual de válidos se chegan á mesma solución satisfactoria.

Un dos apartados máis claros da utilidade das Matemáticas na Educación en Valores é o correspondente á Educación para o consumo. É fundamental que cada elemento do noso alumnado aprenda facer unha valoración crítica e científica sobre o consumo. Estatísticas, descontos, porcentaxes, impostos, intereses bancarios . . .

Educación moral e cívica. Pódese concienciar ao alumno de que, do mesmo xeito que ten que seguir as normas matemáticas para poder resolver problemas, é necesario seguir unhas normas sociais para poder convivir cos demais.

Educación para a comunicación. As Matemáticas teñen unha linguaxe moi definida e universal. O seu dominio permitirlle ao alumno entender e emitir distintas mensaxes nas que interveñan.

Accións de contribución ao plan de convivencia

Aproveitarase o contexto das diferentes unidades didácticas para relacionalas en contextualizar exercicios, problemas, tarefas ou modelos que amosen e exemplifiquen situacións ao alumnado, en aspectos relevantes na sociedade global que estamos a vivir hoxe en día, e, nos que se pode facer fincapé no día das seguintes conmemoracións:

Educación para a convivencia. Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

Educación ambiental. Día Mundial do Medio Ambiente.

Educación multicultural e para os dereitos humanos: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Educación para a paz. Día escolar da non Violencia e da Paz.

Educación previr a violencia. Conmemoración no Día Internacional contra a Violencia de Xénero

Educación para a igualdade entre homes e mulleres. Día Internacional da Muller.

Día universal da infancia.

Día internacional das persoas con discapacidade.

Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

Semana da Prensa. Un día desta semana traballárase na aula con xornais.

Día Mundial de Saúde.
Semana do libro.
Día internacional contra o acoso escolar.
Día de Europa.

Accións de contribución ao proxecto lector

Propónse á redacción do proxecto lector do centro, pendente de aprobación a día de hoxe, as seguintes lecturas, tres por curso distribuídas un en cada trémeste.

1º ESO

Malditas matemáticas (de C. Frabetti, en ed. Alfaguara xuvenil, Madrid, 2000).

El diablo de los números (de Hans Magnus Erzensberger, en ed. Siruela, Madrid, 1997)

Matecuentos. Cuentamates (cuentos con problemas), de Joaquín Collantes Hernández e Antonio Pérez Sanz, en Nivola Libro e Edicións, Madrid, 2005.

2º ESO

El asesinato del profesor de Matemáticas (de Jordi Sierra i Fabra, en ed. Anaya, col. El Duende Verde, 2004).

El crimen de la hipotenusa (de Emili Teixidor, en Planeta&Oxford, 2009).

Bruno e a casa do espello, de Ricardo Gómez (ed. Alfaguara, 2000).

3º ESO

El gran juego (de C. Frabetti, en ed. Alfaguara, Serie Roja, Madrid, 2007).

Galileo (de Stillman Drake, en Alianza Editorial, Madrid, 1991).

El club de la hipotenusa: un paseo por la historia de las matemáticas a través de las anécdotas más divertidas (de Claudi Alsina, en ed. Ariel, Barcelona, 2008).

4º ESO

La fórmula preferida del profesor (de Yogo Ogawa, en ed. Funambulista, Madrid, 2008).

Póngame un kilo de matemáticas (de Carlos Andradás, en ed. SM, col. El Barco de Vapor, serie Roja).

El gran juego (de Carlo Frabetti, ed. Alfaguara, 1998).

Los matemáticos non son gente seria, de Claudi Alsina e Miguel de Guzmán, en Rubes Editorial, Barcelona, 1996.

Accións de contribución ao plan TIC

Na actualidade, existen numerosos programas de libre distribución, que utiliza o profesorado de matemáticas para contribuír a adquisición das competencias básicas do noso alumnado. Entre eles, destacan:

- GeoGebra
- Descartes
- Follas de cálculo
- Actividades interactivas propostas na rede
- O curriculum de Matemáticas no programa abalar
- Os diferentes cursos creados na Aula Virtual do instituto.

Actividades complementarias e extraescolares.

Estas son as actividades complementarias e extraescolares propostas polo Departamento de Matemáticas

- Como aportación ao plan do centro que este curso adicarse ao século XX,
- No mesmo senso do século XIX: tetraedros con información sobre as mulleres matemáticas desa época.
- Faremos unha máquina de Galton, para aproximalos á campá de Gauss.
- Falaremos da “banda de Möebius”.
- Faremos un proxecto visual, para que alumnado de 2º de eso se familiarice cos cadrados dos primeiros cincuenta números naturais.
- Faremos un mural que nos lembre a relación das fraccións cos distintos tipos de decimais (exactos, periódicos puros ou periódicos mixtos).
- Asistencia á Semana Matemática organizada por AGAPEMA
- Día Escolar das Matemáticas (12 de Maio). Participación nas actividades propostas pola FESPM
- Asistir as actividades relacionadas coa ciencia e a matemática organizadas pola Fundación Barrié.
- Participación voluntaria do alumnado no concurso “Kanguro Matemático” e outros que puidesen xurdir.

As actividades a realizar fóra do centro, estarán pendentes da evolución da pandemia, para a súa posible realización

Procedemento de avaliación da programación

Na reunión mensual de departamento farase un seguimento do grao de cumprimento da programación, facendo fincapé no cumprimento da temporalización prevista ao remate de cada avaliación.

Deixarase constancia na acta da reunión das incidencias que poidan ter lugar, así como da materia non impartida no prazo previsto.

Na reunión de aprobación da memoria do curso, incorporaranse as emendas a presente programación e as propostas para a programación do curso seguinte.

MEDIDAS A TOMAR NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIA OU VIRTUAL

A utilización da aula virtual do centro (en 1º e 2º ESO, Edixgal), tanto para facer entregas ao alumnado, como para que este achegue tarefas ou probas, coas condicións sinaladas na avaliación; como tamén como vehículo de comunicación entre o alumnado e o profesorado, para expresar ou resolver dúbidas ou outras cuestións. Farase un seguimento do impartido nas aulas, para axudar ao alumnado que non poida asistir ao centro algún período de tempo

No caso de que haxa que chegar ao ensino semipresencial ou non presencial, as explicacións teóricas, os exercicios resoltos e os exercicios para resolver, serán entregados pola aula virtual. Así mesmo, o serán as probas a realizar, se non hai outro medio.

Neste senso, aquel alumnado que non dispoña de condicións para o bo uso da aula virtual, darase todo o material impreso, a través da titoría, para que poda vir recollelo ao centro e buscarase a maneira de que poida realizar as probas e exames no centro.

Conformidade coa programación

O profesorado do Departamento de Matemáticas, que asina abaixo, amosan a súa conformidade coa programación académica do departamento, para o curso académico 2 020/21, aprobada na reunión extraordinaria do o luns, 19 de outubro de 2020.

En Vigo, a 17 de setembro de 2 021